

CATÁLOGO MÚSICA 2026



ÍNDICE

FOLK

TRADICIONAL

MERCEDES PEÓN

INGRÁVIDA

XURXO FERNÁNDES

LEVAINO!

OS CARUNCHOS

UNHA GORXA
CHEA DE PÁXAROS

MERCEDES PEÓN

DÉIXAAS

TRES PESOS

CANTARES E CONTARES

ACORDEIRETA

BAIXO OS REMENDOS, NÓS

ROCK

VERBENA
RAP OUTROS

ORQUESTRA BRAVÚ

XANGAI

OS SAXOFÓNS DE OCCIDENTE

LOITA AMADA

RESISTIR É VENCER

O SONORO MAXIN

A PRIMAVERA TEN QUE SER NOSA

MOMBOI

MEU SANTO

TIAM GZ

VOLTA AO XOGO

BRASSICA RAPA

GHRELO POWER

GALIFUNK BRASS

GALIFUNK

ST. JAMES DIXIE BAND

ST. JAMES DIXIE BAND

OUTROS

FORMATOS

MERCEDES PEÓN

OSMOSE

JAVIER OTERO NEIRA

ESCOITAR O SILENCIO

OS BREGADIERS

OS BREGADIERS

OS MONIFATES

OS MONIFATES DE FESTA
EN FESTA

CE ORQUESTRA

1. HOME ORQUESTRA
2. FIOS DO QUERER (INFANTIL)

BOOKING

ANA TIJOUX

VIDA

QUERALT LAHOZ

9:30 PM

TARTA RELENA

ÉS PREGUNTA

PONY PISADOR

OCELLS

LES TESTARUDES

EP LA PRÉVIA

IALMA

HOMENAXE

CARA DE ESPELHO

B

CRISTINA BRANCO

MÃE / MULHERES DE ABRIL

ANA BACALHAU

MUNDO ANTENA

AMPARANOIA

LA FÚMIGA

JOAN GARRIGA

& EL MARIATXI GALÀCTIC

BÚHOS

FOLKTRADICIONAL

MERCEDES PEON

INGRÁVIDA

PREMIO NACIONAL DA CULTURA GALEGA
ARTISTA DO ANO PARA FOLKWORD
ARTISTA TOP TEN NA REVISTA SONGLINES

Vangarda en estado puro dende o amor absoluto pola tradición. Unha viaxe musical pola traxectoria dunha artista esencial, única, irrepetible, dende a saída do seu primeiro disco, Isué, até hoxe. Un espectáculo 100% feminino e feminista.



CULTURACTIVA

XURXO FERNANDES

LEVAINO!

Unha das voces máis influíntes do país cunha visión única sobre as músicas de raíz e de creación colectiva.

Con “Levaino!” imos de viaxe polos sons máis arcaicos dunha Galicia primitiva mesturados co exotismo oriental. Pandeireta e instrumentación moderna nun espectáculo que sobresaí do escenario.



CULTURACTIVA

OS CARUNCHOS

UNHA GORXA CHEA DE PÁXAROS

Dende 1994, Os Carunchos son unha verdadeira festa, e neste disco homenaxean ao poeta Manuel María musicando unha escolma dos seus poemas nun proxecto que celebra a traxectoria dunha das bandas clave da música tradicional galega. Do encontro entre música e palabra xorden trece temas cheos de forza poética. Ademais, manteñen un consolidado formato de pasarrúas e animación de rúa, moi celebrado polo público. Gaita solista, percusións varias, polifonía nas voces e o acompañamento único da zanfona.



MERCEDES PEÓN

DÉIXAAS

PREMIO NACIONAL DA CULTURA GALEGA
ARTISTA DO ANO PARA FOLKWORD
ARTISTA TOP TEN NA REVISTA SONGLINES

Déixaas é un proxecto no que Mercedes Peón explora novas posibilidades da arte sonora desde a música de raíz, combinando tradición e vangarda. O disco integra sons industriais, spoken word e novas texturas musicais, conta coa participación de Mónica de Nut e Ana Fernández, e mantén temas de identidade, linguaxe e pertenza nunha etapa de plena madurez creativa.



CULTURACTIVA



TRES PESOS

CANTARES E CONTARES

Felisa Segade, Xoan Porto e Xosé Antón Ferreira (Pepe de Calo) son Tres Pesos. Tres xeitos de facer, tres adictos á nosa música, tres caras da mesma moeda, trío de ases para festas e foliadas. Neste espectáculo o trío toca, canta e tamén conta como esas músicas foron recollidas e acabaron formando parte do seu repertorio. Un espectáculo didáctico e interactivo!



CULTURACTIVA

ACORDEIRETA

BAIXO OS REMENDOS, NÓS

O dúo Acordeireta presenta Baixo os remendos, nós, un disco que concilia música e poesía sobre os problemas diarios, co canto e o acordeón como fíos que os sosteñen. Mesturan música tradicional e composicións propias, rendendo homenaxe a poetas galegos e músicos históricos, mantendo unha mirada social e innovadora ao longo de anos de traballo.



CULTURACTIVA

ROCKVERBENA**RAP**OUTROS

ORQUESTRA BRAVU XANGAI

OS SAXOFÓNS DE OCCIDENTE

Un espectáculo de gran formato que xa cumple trinta anos, a tradición orquestral do metal galego para achegármonos, con distorsión, a todas as formas da música popular. A experiencia emocional desa xeración que inventou o bravú e converteu a aldea no centro do mundo. No seu último traballo de música cósmica, fan bailar ao propio Sol con 18 temas. Todo medre!!



CULTURACTIVA

LOITA AMADA

RESISTIR É VENCER

O terceiro álbum de Loita Amada reflexiona sobre un mundo dividido entre a guerra e a indiferencia, simbolizado na súa portada. Once temas mesturan rock duro con influencias diversas (punk, ska) para dar forma a unha poesía combativa que aborda o activismo, a memoria colectiva, a inxustiza política e o amor. Este novo cañonazo conta cun amplo elenco de colaboracións destacadas da escena musical: Nuno Pico (Grande Amore), «o da Gándara», Hartiz Zabaleta (Ameba), Luken Arkarazo (Odolaren Mintzoa), Mini Rivas (Fuxan os ventos), Xiana Lastra (A banda da loba), Vituco Neira (RuxeRuxe), Tanxugueiras e o trikixilari Joseba Tapia.



O SONORO MAXIN

A PRIMAVERA TEN QUE SER NOSA

PREMIO MARTIN CODAX

“Os sapos volverán cantar con forza, coma nós. Temos as raíces na terra e o ramo florido. A primavera ten que ser nosa”
O conxunto da Galiza tropical ofrece a súas flores e froitos convencidas que a primavera aínda está por chegar da man da cumbia, o forró, o merengue e o rock. E co 2027 chegará tamén a súa xira de 20 aniversario!



CULTURACTIVA

MOMBOI

MEU SANTO

Indie-pop en galego, dende Noia. Presentan o seu novo espectáculo “Meu Santo”, cun directo plagado de referencias aos ritmos e músicas iberoamericanas, os seus concertos son unha verdadeira festa chea de calidade musical, emoción contida e unha posta en escena sempre coidada e cercana. Meu Santo é unha homenaxe á xente que sempre estará perto, esa xente que nos acompaña e soporta cada día a todos e a todas.



CULTURACTIVA

TIAM GZ

VOLTA AO XOGO

Tiam Gz combina iso que a xente tanto bota en falta e que tanto lle gusta: positividade, colectividade e xustiza social. A súa música leva ao público dende as cancións máis reivindicativas ata as sonoridades máis bailables sempre co baile e a festa como parte importante dos seus concertos. “Volta ao xogo” é so un adianto de todo o que está por vir.

Tiam Gz é a combinación perfecta de música urbana-rap, baile, electrónica, festa e mensaxe social. Barullo para eles!



CULTURACTIVA

BRASSICA RAPA

GHRELO POWER

A primeira fanfarria do país 100% feminina. Un concepto inspirado nas brass bands neiorquinas, pero tamén nas big bands ou nas charangas tradicionais que agora da o salto dende as rúas aos palcos de toda a xeografía. Dende grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando polo jazz para reivindicar o papel e a presenza da muller no panorama musical do país.



CULTURACTIVA

GALIFUNK BRASS

GALIFUNK

Galifunk xa son parte da cultura musical do país, dando un punto de vista persoal ao estilo de música ao que se soe asociar a súa formación instrumental. Apostando sempre polo bo gusto e por sorprenden con temas que nunca se esperarían dunha agrupación destas características, ofrecendo un espectáculo moi variado, alegre e por momentos tamén arriscado, con ritmos pegadizos, virtuosidade e incluso con pequenas incursións ao rap, para que a festa e o baile nunca paren!



ST. JAMES DIXIE BAND

ST. JAMES DIXIE BAND

St. James Dixie Band leva o jazz dos anos 20 ás rúas cun espectáculo vibrante que recupera o espírito festivo e emotivo desa época de principios de século XX.

A través dos sons do dixieland, o second line e o swing, a banda transforma calquera espazo nunha celebración, combinando temas frenéticos e pasaxes melancólicas que evocan a alegría, a nostalxia e o bulicio dunha época inesquecible. Un concerto enérxico, pensado para conectar con todo tipo de públicos.



OUTROSFORMATOS

MERCEDES PEÓN

OSMOSE

Osmose non é un concerto. É un novo concepto de espectáculo cunha performance audiovisual contemporánea que mestura a música en directo de Mercedes Peón, proxeccións ideadas por Peque Varela e un deseño de iluminación único na mirada de Laura Iturralde.

Unha pregunta escénica canalizada a través da música e as súas corporalidades.

www.osmose.gal



CULTURACTIVA

JAVIER OTERO NEIRA

ESCOITAR O SILENCIO

ARTISTA YAMAHA

Javier Otero é un dos pianistas máis inquietos do País. Do piano clásico á electrónica, do formato sinfónico ao piano só. Un pianista que non coñece límites nun camiño de vangarda (sen deixar de lado o clásico).

Presenta varios formatos, no que destaca Escotar o Silencio, unha experiencia sonora na que o son se transmite por un equipo de cascos inalámbricos, o que permite levalo a espazos especiais, facendo do concerto unha experiencia única.



CULTURACTIVA

OS BREGADIERS

OS BREGADIERS

Ritmos swing, jazz e rock&roll, nunha formación brass band de experimentados músicos galegos de gran calidade musical e artística.



INFO



VIDEO

CULTURACTIVA

OS MONIFATES

OS MONIFATES DE FESTA EN FESTA

Un carromato cargado de instrumentos, tirado por dous músicos ambulantes acompañados dos máis diversos monicreques danzantes bailando música tradicional galega. Un espectáculo familiar para rúas e prazas, onde a música, os títeres e unha boa historia farán as delicias de cativxs e maiores.



CÉ ORQUESTRA

1. HOME ORQUESTRA

2. FIOS DO QUERER (INFANTIL)

A recuperación do home orquestra en Galicia ten un só nome: Cé Orquestra Pantasma. A súa proposta adáptase tanto a rúa como a interior e gusta a todas as idades



CULTURACTIVA

BOOKING

ANA TIJOUX

VIDA

Vida é o disco máis luminoso e bailable da chilena Ana Tijoux, un berro de esperanza considerado o mellor da súa carreira. O álbum mestura con mestría hip hop e múltiples estilos contemporáneos: jazz, trap, afrobeat, folk, etc. Compositora e gañadora dun Latin Grammy, é unha figura clave do hip hop latino.



QUERALT LAHOZ

9:30 PM

9:30 PM é o disco máis íntimo de Queralt Lahoz, unha viaxe autobiográfica que percorre luces e sombras da súa vida. Mesturando flamenco, bolero, hip hop, R&B e pop electrónico, a catalana une tradición e modernidade cunha honestidade radical. Un disco vulnerable e poderoso que converte a memoria persoal en música e celebra identidade e resiliencia.



CULTURACTIVA

TARTA RELENA

ÉS PREGUNTA

Tarta Relena está formado por dúas cantantes que exploran a capella diferentes estilos de músicas vocais, coa área xeográfica do Mediterráneo como contexto de referencia. O repertorio que cantan vai desde músicas tradicionais ata músicas de autor, coa experimentación como bandeira e a combinación de técnicas vocais como motor creativo, sen medo a estirar os límites do sacro e o profano.



CULTURACTIVA

PONY PISADOR

OCELLS

El Pony Pisador é unha das bandas de música popular máis importantes en Cataluña. Ocells é o seu cuarto álbum, despois do éxito de The longest Pony, en colaboración con The longest John. O seu son está elaborado dentro da tradición da música celta e folk. Se mesturamos os mundos de JRR Tolkien con Monty Python, e engadimos unha dose substancial de enerxía folk contemporánea, o resultado podería ser algo similar a El Pony Pisador.



CULTURACTIVA

LES TESTARUDES

EP LA PRÈVIA

Despois de xirar no 2024 por toda a península e teren actuado por primeira vez en Alemaña e Italia, Les Testarudes publican en xaneiro de 2025 o seu primeiro EP 'La Prèvia'. Esta referencia inclúe seis temas propios cantados en catalán, castelán e italiano con letras reivindicativas sobre a base de sons xamaicanos (ska, rock steady, reggae) que as caracteriza.



CULTURACTIVA

IALMA

HOMENAXE

Con motivo do seu 25 aniversario, e como homenaxe aos exiliados, incluídas as súas propias familias, as pandeireteiras galego-belgas IALMA presentan Homenaxe, un concerto emocionante e festivo que honra as raíces galegas, a memoria e a resistencia, impulsado pola enerxía multicultural de Bruxelas. Homenaxe é unha viaxe musical pola emoción, a loita e a celebración, que recolle o mellor dos seus sete discos e unha traxectoria por todo o mundo ao longo de 25 anos de carreira.



CULTURACTIVA

CARA DE ESPELHO

B

O supergrupo Cara de Espelho é unha das propostas máis relevantes e singulares da música portuguesa actual. Integrado por artistas de referencia da escena lusa (Pedro da Silva Martins, Carlos Guerreiro, Nuno Prata, Luis J. Martins, Sérgio Nascimento e Maria Antónia Mendes), o colectivo destaca pola súa fusión de tradición cultural, experimentación sonora e unha mirada crítica sobre o presente.

Presentan o seu segundo álbum de estudo, B, co que reafirman a súa identidade cunha combinación de tradición portuguesa, sonoridades contemporáneas e letras incisivas. O disco explora as cuestións incómodas do noso tempo, empregando a palabra como ferramenta crítica e a música como espazo de experimentación.



CULTURACTIVA

CRISTINA BRANCO

MÃE / MULHERES DE ABRIL

Cristina Branco, unha das voces máis singulares e recoñecidas da música portuguesa contemporánea, presenta dous formatos que dialogan coa tradición e a memoria.

Cunha paixón incomparable polo fado tradicional, Mãe é o seu 18º álbum de orixinais, unha sentida homenaxe a este xénero tan emblemático da cultura portuguesa. Un repertorio intenso e envolvente, no que a fadista presta a súa voz a unha variedade de autores e convida ao público a unha viaxe de redescuberta do fado. [Formato trío]

En paralelo, Branco revisita a obra de Jose Afonso en Mulheres de Abril, onde as cancións do Zeca cobran nova vida a través de novos arranxos do seu universo creativo. Trátase dunha emotiva homenaxe á memoria, á liberdade e á vixencia dun legado musical fundamental. [Formato quinteto]



CULTURACTIVA

ANA BACALHAU

MUNDO ANTENA

Neste novo traballo, a portuguesa homenaxea á radio, e explora temas de sintonía e conexión entre as persoas, ao tempo que reflexiona sobre o papel da música e da comunicación na sociedade. As cancións de Mundo Antena intercalanse con interludios cativadores, creando unha atmósfera que transforma o concerto nunha auténtica viaxe sensorial na que a música e as historias se entrelazan. Dispoñible en varios formatos de banda completa a reducida.



CULTURACTIVA

AMPARANOIA

Amparanoia é o proxecto esencial de Amparo Sánchez, pioneira da música de fusión en España e referente do mestizaxe desde os anos 90. No seu directo en solitario repasa unha traxectoria chea de raíces latinas, flamencas e con compromiso social que está a piques cumprir 30 anos nos escenarios. Ademais, conta tamén o formato especial xunto a Artistas del Gremio, con quen lanzou o seu último traballo Fan Fan Fanfarria.



JOAN GARRIGA & EL MARIATXI GALÀCTIC

Joan Garriga é unha figura clave para entender a mestizaxe dos 90 (Dusminguet) que influíu decisivamente na fusión musical do século XXI. O seu novo proxecto continúa a súa evolución musical afondando nun estilo propio, a “Rumbia” (rumba + cumbia).



LA FÚMIGA

O último traballo de La Fúmiga, Tot està per fer, supón un directo vibrante e unha oda á evolución, ao cambio constante, á ruptura da rutina e ao crecemento persoal. Cun repertorio cheo de himnos e milleiros de escoitas, a banda destaca pola súa enerxía, empatía e luminosidade sobre o escenario, ofrecendo concertos contundentes e festivos que conectan co público desde o primeiro minuto.



BÚHOS

Despois de máis de 1500 concertos e 8 discos con milleiros de reproducións Búhos celebran a súa imparable historia de 20 anos cunha xira exclusiva de aniversario por Catalunya e a Península Ibérica. Este vai ser un espectáculo especial, cheo de emocións e himnos que xa forman parte da historia musical do país, unha celebración que vai reafirmar o prestixio da banda como nunca antes.



CULTURACTIVA



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836